

ACTA DA 1ª ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DO CURSO 2024-25

DATA: 3 de outubro de 2024

LUGAR: Comedor do centro

HORA: 16:30 (1ª convocatoria) 17:00 (2ª)

ASISTENCIA: 18 socias e 3 invitadas

ORDE DO DÍA:

1. Presentación da xunta directiva
2. Información das actividades da ANPA para este curso
3. Rogos e preguntas

Presentación da Xunta Directiva

Na AXO do 27 de xuño de 2024 cesaron seis membros da anterior directiva; na mesma Asemblea presentáronse oito candidatos, que contaron coa aprobación unánime das socias presentes.

Dita directiva queda conformada da seguinte maneira:

Presidenta: María Jesús Luaces Rodríguez

Vicepresidenta: Patricia Extravís Martínez

Tesoureiro: Pedro Medín Pico

Vicetesoureiro: Luis Miguel Leirachá Mudino

Secretario : Jaime Acuña Jorge

Vicesecretaria: Zaira Dopico Lago

Vogal: Sheyla Saavedra Corral

Vogal: Cristina Fuente Salguero

Vogal: Isabel román Sarty

Solicitamos das socias presentes na Asemblea a aprobación da nova directiva.

Apróbase por unanimidade a composición da Xunta Directiva.

Información das actividades da ANPA para este curso

- a) Actividades extraescolares. Este curso, como sabedes xa, sacamos as seguintes actividades: das que xa tivemos outros anos e sabiamos que sairían, patinaxe, debuxo e pintura e cociña, que este curso parece non interesar, pois temos cinco solicitudes. Logo, atendendo á demanda, que nos trasladou a directora do centro e que xa nos trasladaran algunhas familias en cursos anteriores, de ofertar algunha actividade para crianzas a partir de tres anos, sacamos a Ludoteca, que finalmente non parece que vaia interesar, pois temos cinco solicitudes das doce requiridas.

Manteremos as actividades de Ludoteca e Cociña coa matrícula aberta ata fin de mes para ver si se fai grupo.

A partires do curso que ven trataremos de sacar as actividades extraescolares dende o comezo de curso ata o remate.

- b) A actividade de UPA ten probabilidade de se converter nunha actividade extraescolar máis a partires de novembro. Polo de agora é unha actividade externa que xestiona o propia empresa, aínda que a incluíramos no formulario de actividades por comodidade. Parece que os usuarios actuais teñen ganas de continuar, así que a nosa idea é mantela ata maio.
- c) Obradoiros, charlas, actividades de formación para nais e pais. Parte das nosas finalidades como ANPA, tal como establecen os nosos Estatutos, é a realización de actividades de formación para as familias. Noutras asembleas solicitamos ás socias que nos ofreceran ideas para estes obradoiros, temáticas que vos interesen, etc., e neste curso tentaremos facer o mesmo, con bastante pesimismo pola nosa parte, tamén hai que dicilo.
- d) Canles de comunicación e información da ANPA. Para tratar coa directiva temas relacionados coa propia ANPA ou co centro escolar, tedes as canles de comunicación da ANPA, a saber: de xeito presencial no local, ben no horario marcado, ben mediante cita; telefonicamente ou por medio do correo electrónico. Estas canles son as únicas que imos atender seriamente. Os grupos de clases de WhatsApp non son canles de comunicación da ANPA e non atenderemos nunca por esa vía.

En canto ás canles de información, ata o momento tiñamos a páxina de Facebook e a canle de Telegram (e a web do cole para algunhas cousas). Dentro da directiva falamos estes días de engadir algunha canle máis, unha conta de Instagram, por exemplo. Pero isto temos que decidilo entre tódalas socias.

Consultadas as socias, decídese, por unanimidade, facer unha conta de Instagram e unha canle de WhatsApp.

Aquí habería que engadir que de nada serve ter unha ducia de canles de información si logo vos non ledes a información que publicamos.

Rematamos lembrando que o Abalar non é unha canle de información da ANPA, senón do centro escolar, que non ten ningunha obriga de publicar nada que non sexa información do cole e, polo tanto, non nos convén abusar.

- e) Participación das socias. Este é un tema central. Basicamente, as finalidades dos nosos Estatutos resúmense niso, facilitar e impulsar a participación das nais, pais ou titores legais no centro escolar, mellorar a convivencia, etc.

Parece que existe a idea, errónea, de que, para facer cousas na ANPA, hai que pertencer á directiva. Como ben saben as socias que participan ou participaron en diferentes actividades da ANPA como voluntarias, é posible participar en calquera ou en case tódalas actividades da ANPA sen estar na directiva. Basta con querer e, en determinados casos, con poder.

É máis, incluso poderían participar membros da comunidade educativa que non sexan socias da ANPA. Simplemente non poderían participar na toma de decisións porque, ó non facerse socias, renunciaron a ese dereito.

Aquí imos engadir uns comentarios das socias presentes que nos parecen pertinentes. Pídenos que avisemos con máis antelación das actividades que temos previstas para que lles dea tempo de organizarse para participar. Tomamos nota e trataremos de avisar coa maior antelación posible.

Comisións de socias. Nas últimas asembleas xa falamos destas comisións. Pódense nomear as que fagan falla durante o curso e as socias podedes propoñer as que se vos ocorran. Logo a directiva discutirá a conveniencia ou non de que se faga. Este curso poderíamos empezar por nomear unha comisión do Entroido.

(Ante a pouca asistencia á Asemblea, faremos este chamamento para a comisión polas canles de información por si algunhas socias se animan).

O curso pasado decidimos, en asemblea, prescindir da festa de Entroido por falla de fondos. A idea é facer unha festa para as familias, con dúas ou tres actividades (pintacaras, concurso de disfraces...) e con música e espazo suficiente para que os cativos brinquen. Para isto entendemos que non fai falla gastar os cartos da ANPA en pagar a unha empresa. Ademais serviría para ver como nos manexamos con estas cousas.

- f) Consello Escolar. Este curso haberá eleccións ó Consello Escolar para renovar dous membros das nais e pais para o Consello Escolar. O Consello Escolar é o principal órgano de goberno do centro polo que teñen que pasar tódalas decisións importantes. É importantísimo que se presente xente para cubrir eses postos para que as voces das familias se escoiten no consello. Pódese presentar calquera nai/pai/titor/a legal con alumnado no centro. Calquera. Non ten que ter coñecementos previos, nin ter determinados estudos, nin pertencer á ANPA, so interese e predisposición para mellorar o centro no que o seu fillo ou a súa filla pasa nove anos da súa vida.

- g) Madrugadores. Ata onde sabemos nós, é eminente a saída da licitación para o servizo de madrugadores. Pero xa estamos en outubro. Dende a Xunta Directiva informamos de que o 20 de decembro rematamos de prestar este servizo independentemente de que o Concello o colla en xaneiro ou non. A ANPA da por rematado este servizo que non lle corresponde, tal como se informou a comezo do curso.

- h) Comedores. No Consello Escolar informáronos de que a solicitude por parte da dirección de máis prazas para o comedor resultou pouco frutífera, xa que o técnico co que contactaron informoulles de que., atendendo ós metros cadrados do comedor, xa tiñan prazas de máis. Gardade este dato: a falta de lexislación ou normativa propia ó respecto, para os comedores escolares úsase como referencia 1,2 m² por comensal, como nos comedores dos restaurantes de comida rápida.

- i) E-Dixgal. Lembramos que a nosa Confederación, ANPAs Galegas, atendendo ás inquiredanzas das familias, realizou o curso pasado unha enquisa sobre o E-Dixgal e a dixitalización no ensino. Dita enquisa publicámola e publicítámola nas nosas redes. Logo, houbo unha xornada de debate sobre o tema da dixitalización en Vigo, que se emitiu vía streaming para os que non se puideran achegar alí. A dita enquisa contestaron algo máis de tres mil persoas e a Confederación ven de elaborar un informe cuxas conclusións falan por si soas. En canto o publique subirémolo ás redes para que o vexades, porque entendemos que é moi interesante.

Sen máis, remata a Asemblea ás 18:15 horas.

O Secretario

v^o Bo da Presidenta